



Exp. 48665-220

ASUNTO: PROVISIÓN TEMPORAL EN COMISIÓN DE SERVICIOS DE POSTOS DE TRABAJO VACANTES NA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN (1 TÉCNICO/A MEDIO EN ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE RRHH (A2) E 1 TÉCNICO/A EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (A1, ENXEÑEIRO/A) POR RAZÓNS DE NECESIDADE E URXENCIA

RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO VACANTES NA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

ANTECEDENTES

1.- Consta acordo de data 05/12/2025 da Xunta do Goberno Local, de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo para o ano 2025 (en adiante RPT-25), do Concello de Vigo (Exp.46152/220), onde están incluídos os postos de traballo na Área de RR.HH e Formación, concretados en un “Técnico/a de de Organización e Xestión de RR.HH-A2”, asociado a unha praza de igual denominación, e un “Técnico/a en Prevención de Riscos Laborais”, asociado a unha praza de Enxeñeiro/a Superior, que se pretenden provisionar temporalmente, en comisión de servizos, por razóns de necesidade e urxencia.

2.- As prazas asociadas aos postos de traballo obxecto da convocatoria están incluídos no Capítulo-I dos orzamentos municipais vixentes, en cumprimento co artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

3.-En data de sinatura electrónica 06/04/2026 (trámite 6 do expediente) emítese informe pola xefatura da Área de RRHH e Formación comunicando as medidas a adoptar en garantía da debida prestación do servizo público, dada a insuficiencia de efectivos operativos na área.

4.- A forma de provisión dos dous postos de traballo convocados é o concurso (C), tal como consta na RPT citada, vixente na actualidade.

5.- Constan documentadas as necesidades do servizo no informe da xefatura da Área de RR.HH e Formación de data 06/09/2023 (trámite 14 do expediente administrativo nº 42630/220).

6.- Por Resolución de data 27/04/2026, a Concelleira Delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación acordou incoar expediente administrativo, dispoñendo a tramitación que resulte procedente conforme á normativa vixente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 11:56	Páxina 1 de 9
3927-232	CSV: A1BCBH-5H3DBE-CDB43C-GE7RRP-DAD9RR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



7.- En consecuencia, foi proposto o inicio do procedemento de provisión temporal en comisión de servizos do posto referido, a través dun proceso aberto a todas as administracións públicas en aras de garantir unha maior concorrncia de persoas aspirantes que podan cumprir coa necesaria idoneidade, e coas garantías de publicidade e transparencia a través da súa publicación nos boletíns oficiais, web e taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo.

8.- Previa a preceptiva fiscalización previa da Intervención Xeral Municipal, en cumprimento do establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e constando a emisión de informe favorable de data de sinatura electrónica 11/05/2026, o órgano municipal competente resolveu convocar a provisión temporal en comisión de servizos dos postos de traballo obxecto do presente expediente, vacante na Área de Recursos Humanos e Formación. Resolución publicada no BOPPO núm. 92, do 25 de maio de 2026, con extracto da convocatoria publicado no DOG núm. 95, do, na Intranet Municipal e no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo; constando presentadas en prazo, segundo a aplicación corporativa xestora de expedientes, as solicitudes seguintes, :

a) Técnico/a de organización e xestión de RR.HH (A2):

- Rodríguez García, N.M., en documento nº 260133203, de data 27/05/26.
- Pereira Garía, Mª del M., en documento nº 260135446, de data 28/05/26

b) Técnico/a en Prevención de Riscos Laborais (A1):

- Rey Núñez, J. A. en documento nº 260142992, de data 09/05/26. Por rexistro web de data 11/06/26, o aspirante presenta escrito solicitando que a provisión do posto non se circunscriba ao subgrupo A1, senón que se permita tamén a participación de persoal pertencente ao subgrupo A2, argumentando que as funcións dun Técnico Superior de Prevención de Riscos Laborais son equivalentes con independencia do subgrupo de clasificación profesional e considerando discriminatoria a limitación establecida na convocatoria.

8.- Verificados os requisitos así como a documentación presentada segundo o establecido nas bases da convocatoria, en data 10/06/26 emítese dilixencia de constancia de documentación achegada polas/o aspirantes, indicada nos seguintes cadros:

CADRO-1.-Técnico/a de organización e xestión de RR.HH (A2):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 11:56	Páxina 2 de 9
3927-232	CSV: A1BCBH-5H3DBE-CDB43C-GE7RRP-DAD9RR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



NOME E APELLIDOS	PRESENTACION SEDE ELECTRONICA	POSTO ADMINISTRATIVO PROCEDENTE	DNI	CERTIFICACION ADMINISTRACION DE PROCEDENCIA	TITULACION	INFORME FAVORABLE COMPROMISO AUTORIZACION	CURRICULUM VITAE	DOCUMENTACION ACREDITATIVA DOS MERITOS	DECLARACION RESPONSABLE NON TER SIDO INHABILITADO	DECLARACION RESPONSABLE CAPACIDADE FUNCIONAL	COMPROMISO COÑECEMENTO COD. CONDUCTA PLAN IGUALDADE
Rodríguez García N.Mª.	✓	Técnico/a de Orientación e Protección Laboral FC A2 Nivel 18 Posto Definitivo Xunta de Galicia	✓	Toma de Posesión	Licenciado en Ciencias Políticas e da Admintracion.	X	✓	Unicamente presenta: -Licenciatura -Covalidacion 20 créditos do CAP -Informe de eva luación de IX Máster en Direc ción de RR.HH	✓	Certificado Medico	✓
Pereira García Mª del M.	✓	Técnica de Xesti on Administrativa FC A2 CD 24 Non detalla posto definitivo Concello de Meaño	✓	Certificado servizos prestados	Licenciada en Dereito	✓	✓	✓	Sen Asinar (1)	Sen Asinar (1)	Sen Asinar (1)

(1): Sinatura electrónica na presentación web, pero non en cada un dos documentos que acompañan á solicitude.

CADRO-2.- Técnico/a en Prevención de Riscos Laborais (A1):

NOME E APELLIDOS	PRESENTACION SEDE ELECTRONICA	POSTO ADMINISTRATIVO PROCEDENTE	DNI	CERTIFICACION ADMINISTRACION DE PROCEDENCIA	TITULACION	INFORME FAVORABLE COMPROMISO AUTORIZACION	CURRICULUM VITAE	DOCUMENTACION ACREDITATIVA DOS MERITOS	DECLARACION RESPONSABLE NON TER SIDO INHABILITADO	DECLARACION RESPONSABLE CAPACIDADE FUNCIONAL	COMPROMISO COÑECEMENTO COD. CONDUCTA PLAN IGUALDADE
REY NÚÑEZ J.A.	✓	Técnico/a de Prevención de Riscos Laborais FC 2 CD 22 Non detalla posto definitivo Concello de Pontevedra	✓	✓	Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial Graduado Enxeñaría Electrica (Fai Refº Doc: 26013 9247)	Non autorizado	✓	Nota (2)	X	X	X

(2): Da información do CV, non aporta:

“Certificado CE para el transporte de Mercancías Peligrosas por carretera”

“Auditoría en Prevención de Riesgos Laborales”

Da información da relación numerada de méritos, non aporta:

“Linguaxe administrativa nivel medio”

“OpenOffice”

“Perfeccionamento galego”

Non aporta ningunha xustificación da formación laboral

9.- Consta no expediente de referencia trámite IXE número 68 de data 16/06/26 onde informase o seguinte (tenor literal da parte dispositiva do informe):

“(…)

Primeiro.- O aspirante J. A. Rey Núñez non reúne os requisitos establecidos na convocatoria para a provisión temporal, en comisión de servizos, do posto de Técnico/a de Prevención de Riscos Laborais, ao estar este clasificado no subgrupo A1 e asociado a unha praza de Enxeñeiro/a Superior, segundo a RPT vixente do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/07/2026 11:56

Páxina 3 de 9

3927-232

CSV: A1BCBH-5H3DBE-CDB43C-GE7RRP-DAD9RR-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Segundo.- O feito de que o interesado posúa titulación universitaria de Grao en Enxeñaría Eléctrica non resulta suficiente para entender cumpridos os requisitos da convocatoria, ao pertencer actualmente a un posto e praza clasificados no subgrupo A2.

Terceiro.- Non resulta xuridicamente posible que un funcionario pertencente ao subgrupo A2 acceda mediante comisión de servizos a un posto clasificado no subgrupo A1, ao non cumprir os requisitos establecidos para o seu desempeño.

Cuarto.- A non admisión da súa solicitude non constitúe discriminación ningunha, senón a aplicación obxectiva dos requisitos establecidos na RPT vixente e nas bases da convocatoria, que resultan de obrigado cumprimento para todas as persoas aspirantes."

10.- Consta tamén informe emitido pola xefatura da área de RR.HH e Formación, de data 23/06/26 (trámite 71) coa seguinte transcripción literal:

"Vista a tramitación realizada e desenvolta no procedemento administrativo obrante no expediente de referencia, pola presente e ao abeiro do disposto no art. 172.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL) emítase o seguinte **INFORME:**

1.- Consta no trámite 62 relación de aspirantes e documentos presentados en concorrencia ao proceso público de provisión temporal, ao cal se efectúa unha remisión expresa.

No mesmo verificase que a única aspirante que aporta a totalidade da documentación requirida na resolución de convocatoria pública é a seguinte:

- M.M. Pereira García, aspirante ao posto de traballo de técnico/a de organización e xestión de recursos humanos (A2) quen aporta amáis informe favorable da Administración Pública de procedencia.

Non obstante, e dado que a mesma non asina os documentos de declaración responsable e de compromiso co I Plan de Igualdade e co vixente Código de Conduta do persoal do Concello de Vigo, deberá proceder á súa aportación en forma inexcusable para a incorporación ao posto en comisión de servizos, debendo incorporarse este extremo á resolución que poña fin á convocatoria de provisión temporal en curso, xunto cos que resulten preceptivos conforme á normativa vixente.

2.- No relativo aos restantes aspirantes concorrentes aos diferentes postos de traballo convocados, efectúase unha remisión aos requisitos establecidos na resolución de convocatoria, que non se cumpren no caso do aspirante D. J. A. Rey Núñez e D^a N. M. Rodríguez García; realizándose igualmente unha remisión ao informe emitido polo funcionario instrutor do expediente e incorporado ao trámite 68 do mesmo.
O cal se informa aos efectos procedentes".

11.- Consta no expediente informe de fiscalización favorable por parte da Intervención Xeral e conformidade co previsto no artigo 214 R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 11:56	Páxina 4 de 9
3927-232	CSV: A1BCBH-5H3DBE-CDB43C-GE7RRP-DAD9RR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con carácter previo á adopción do correspondente acordo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

- Artigo 96.1, apartado a) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia -no que resulte de aplicación directa e/ou supletoria de conformidade co previsto nos títulos constitucionais habilitantes consonte ao previsto no artigo 149.1, 18ª CE 1978.-

-Decreto 151/2022, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

-Artigo 64 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso.

-Normativa de concordante e procedente aplicación.

1.- Resolución da provisión temporal por comisión de servizos.

Debe considerarse que a convocatoria pública efectuada e publicada (BOPPO núm. 92, do 18 de maio do 2026, con extracto da convocatoria publicado no DOG núm. 95, do 25 de maio do 2026) contemplaba como documentación de inexcusable aportación coa solicitude, a seguinte:

“A solicitude conterá, cando menos, os datos persoais do aspirante, dirección, número de teléfono fixo/móbil, enderezo de correo electrónico. Respecto da acreditación da identidade, e consonte ao disposto no art. 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, (...).

Por tanto, as persoas interesadas deberán autorizar a consulta mediante a plataforma de intermediación, ou no seu defecto, aportar a debida acreditación da identidade normativamente establecida.

Deberán acompañarse ademais as certificacións e documentos xustificativos dos requisitos exixidos na presente convocatoria, da seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Administración de procedencia acreditativa de que o aspirante en cuestión é funcionario de carreira e que reúne os requisitos establecidos para o desempeño do posto de traballo, así como a pertenza ao Corpo, escala e subgrupo de titulación ao cal se opta, nos termos da*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 11:56	Páxina 5 de 9
3927-232	CSV: A1BCBH-5H3DBE-CDB43C-GE7RRP-DAD9RR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



normativa vixente e segundo a vixente RPT do Concello de Vigo 2025 (apartado Primeiro da presente resolución).

- *Copia auténtica da titulación académica oficial requirida para o desempeño temporal do posto ao cal se opta.*
- *Informe favorable da Administración de orixe co compromiso de autorización da comisión de servizos do empregado/a público.*
- *Currículum Vitae que conteña relación individualizada de méritos, formación e traxectoria profesional que se alegan, aportando copias da documentación acreditativa que se aporta e relación ordenada dos méritos, formación e traxectoria profesional alegados.*
- *Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais o estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala correspondente.*
- *Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo, e da veracidade da documentación presentada.*
- *Compromiso de coñecemento e observancia do Código de Conduta do Concello de Vigo e do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo durante o tempo de duración da comisión de servizos á cal se opta, publicados no Portal de Transparencia:*

<https://transparencia.vigo.org/?lang=ga>

Transcorrido o prazo de presentación das solicitudes, non se admitirá mais xustificación dos méritos."

Polo tanto, na categoría de **Técnico/a de Organización e Xestión de RR.HH.**, subgrupo A2, resulta ser a aspirante Pereira García, M.^a del M. a única candidata que acredita o cumprimento dos requisitos exixidos para o desempeño do posto de traballo, constando, así mesmo, informe favorable da Administración Pública de procedencia.

No exame da documentación presentada advírtese que as declaracións responsables relativas á non separación do servizo nin inhabilitación para o exercicio de funcións públicas, á capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto e ao compromiso de coñecemento e cumprimento do Código de Conduta e do Plan de Igualdade foron achegadas sen a correspondente sinatura individualizada.

A dita circunstancia non desvirtúa, por si soa, a acreditación dos requisitos exixidos para o desempeño do posto nin impide formular a proposta de nomeamento da aspirante. Non obstante, por razóns de seguridade xurídica e de adecuada formalización das declaracións responsables presentadas, resulta procedente establecer que a eficacia do nomeamento quede supeditada á presentación das referidas declaracións debidamente asinadas, que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 11:56	Páxina 6 de 9
3927-232	CSV: A1BCBH-5H3DBE-CDB43C-GE7RRP-DAD9RR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



deberán ser achegadas pola interesada na data da súa incorporación efectiva ao Concello de Vigo, quedando o nomeamento sen efecto no suposto de incumprimento desta obriga.

Déixase constancia de que o posto de traballo convocado ten a condición de posto de carácter base e natureza funcionarial non directiva, consonte ao establecido no artigo 169.1.a) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, tendo asignadas as funcións contidas no citado precepto, xunto coas establecidas nas guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo, dispoñibles no Portal de Transparencia, no enlace seguinte:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>

Pola súa banda, na categoría de **Técnico/a en Prevención de Riscos Laborais**, subgrupo A1, o único aspirante concorrente ao procedemento non acredita o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria para a provisión temporal, en comisión de servizos, do citado posto de traballo, asociado a unha praza de Enxeñeiro/a Superior, segundo a Relación de Postos de Traballo vixente do Concello de Vigo, tal e como se recolle no informe de data 16/06/2026 (trámite 68), incorporado ao expediente.

Así mesmo, segundo consta na dilixencia de verificación da documentación achegada polo aspirante, de data 10/06/2026, este non achega o Certificado CE para o transporte de mercadorías perigosas por estrada nin a acreditación da formación en Auditoría en Prevención de Riscos Laborais. Igualmente, non acredita os méritos alegados relativos aos cursos de Linguaxe administrativa (nivel medio), OpenOffice e Perfeccionamento de galego, nin achega documentación acreditativa da súa formación, así como tampouco o informe favorable da Administración de orixe co compromiso de autorización da comisión de servizos.

En consecuencia, ao non quedar acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria, procede declarar deserta a convocatoria para a provisión deste posto de traballo.

2.- Fiscalización previa

Considerando que a provisión temporal convocada e cuxa resolución propónse no presente informe resulta susceptible de xerar obrigas económicas para o Concello de Vigo, resulta preceptivo o sometemento a fiscalización previa do gasto pola Intervención Xeral Municipal, conforme ao establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais;

3.- Órgano competente

Considerando tamén as competencias que en materia de persoal ostenta a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (delegacións competenciais efectuadas por resolucións da Excm. Alcaldía de data 25/09/2025 e concordantes); "Acordos en materia de reasignación e redistribución de efectivos, provisión



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 11:56	Páxina 7 de 9
3927-232	CSV: A1BCBH-5H3DBE-CDB43C-GE7RRP-DAD9RR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



extraordinaria e urgente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.”

De acordo co exposto propónse ao órgano competente a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Resolver a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante de **“Técnico/a de Organización e Xestión de RRHH”**, referencia do posto na RPT: 2200106, acordada por resolución administrativa de data 12/05/2026 (BOPPO núm. 92, do 18 de maio do 2026, con extracto da convocatoria publicado no DOG núm. 95 do 25 de maio do 2026) nos termos do informe-proposta que antecede.

SEGUNDO.- Nomear con cargo ao posto de traballo vacante de Técnico/a de Organización e Xestión de RRHH (A2) referencia do posto na RPT vixente: 2200106, á funcionaria de carreira Pereira García, Mª del M., con DNI ***1905**, en atención ao informe-proposta que antecede.

O presente nomeamento requirirá para a súa eficacia a apartación pola interesada das declaracións responsables relativas á non separación do servizo nin inhabilitación para o exercicio de funcións públicas, á capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto e ao compromiso de coñecemento e cumprimento do Código de Conduta e do Plan de Igualdade, debidamente asinadas que deberá aportarse inexcusamente na data de incorporación efectiva no concello de Vigo. No suposto de non aportarse segundo o indicado, a resolución quedará sen efecto

A duración da comisión de servizos que pola presente se autoriza a contemplada na normativa vixente (1 ano prorrogable por outro ano); e estando determinado o posto de traballo obxecto de provisión temporal para ser definitivamente cuberto polo sistema de concurso ordinario, ao tratarse dun posto de traballo de carácter base, coas funcións establecidas no art. 169.1, letra a) do RD Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TTRL) e guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo para o concreto posto.

TERCEIRO.- Dispoñer que a presente comisión de servizos temporal terá efectos económicos e administrativos dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos do establecido no apartado anterior.

CUARTO.- Declarar deserta a convocatoria para a provisión temporal en comisión de servizos dun posto de traballo de Técnico/a en Prevención de Riscos Laborais (A1) da vixente relación de postos de traballo do Concello de Vigo, en situación de vacante, por falta de aportación coa solicitude, por parte do único aspirante presentado, da obrigada acreditación dos requisitos esixidos na convocatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/07/2026 11:56	Páxina 8 de 9
3927-232	CSV: A1BCBH-5H3DBE-CDB43C-GE7RRP-DAD9RR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade,
Contratación, Festas e
Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

QUINTO.- Notificar a presente resolución ás persoas concorrentes á convocatoria obxecto do presente expediente; ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao SPPRL para coñecemento e efectos.

SEXTO.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para coñecemento, ordenando a publicación da resolución da convocatoria na Intranet municipal, Taboleiro de anuncios e edictos e boletíns para público coñecemento do persoal municipal e da representación sindical.

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderase interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do contencioso-administrativo competentes no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Se se interpuxo o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Vigo, sinatura electrónica

O técnico de administración xeral.- Pedro Velasco López

CONFORME.- A Xefa de Área de Recursos Humanos e Formación – María Dapena Gómez

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO** de conformidade coa mesma

Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación - María Olga Alonso Suárez.

A Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal - Patricia Rodríguez Calviño

DOU FE.- A secretaria

Vigo, na data da sinatura electrónica.

